



Sábado 11 de outubro de 2008

**DÍA MUNDIAL da ARQUITECTURA**

*Por Unha Cidade Sostible*

Percorrido ciclista e  
xuntanza anual de arquitectos no Portiño

A delegación do COAG na Coruña dedica o día mundial da arquitectura **a cidade sostible** configurada a través de corredores verdes, espazos públicos e redes de carrís-bici e transporte público ordenados para uso e lecer de peóns, ciclistas e cidadáns en xeral.

Deste xeito queremos amosar o noso apoio a todas aquelas propostas encamiñadas a proxectar un entorno urbano no que o cidadán recupera o uso e lecer do espazo público a través da creación de espazos verdes, da peonalización selectiva das rúas, da creación de carrís-bici e de redes de transporte urbano.

A delegación invita a tódolos membros do seu colectivo, a participar nesta celebración/reivindicación que ten por obxeto desprazarse a través da Coruña por medios non contaminantes.

Asemade, o final do percorrido, no Portiño, teremos unha carpa para acoller a xuntanza anual da delegación coa celebración dunha romaría na que poderemos degustar polbo e carne o caldeiro, pinchar música no bar local ou navegar polas illas próximas.



<b>PROGRAMA de EVENTOS</b>		
	Percorrido ciclista	Percorrido peonil
12:00	Concentración de arquitectos-ciclistas e de arquitectos-camiñantes na praza de Vigo, próxima a delegación	
12:30	Saída do pelotón ciclista e do grupo peonil	
	Percorrido ciclista: Carril bus de Federico Tapia, San Andrés, San Xoan, Orillamar, Paseo marítimo do Orzán.	Percorrido peonil: Federico Tapia, Praza de Galicia, Praza de Lugo, Praza de Pontevedra
	Refrixerio na Coraza de Riazor Información-documentación sobre A Coruña sostible (Concello) Camisetas, planos, etc.	Refrixerio na Coraza de Riazor Información-documentación sobre A Coruña sostible (Concello) Camisetas, planos, etc.
	Continúa o percorrido: Pase marítimo de Riazor, Milenium, Paseo de San Pedro, O Portiño	Continúa o percorrido: Paseo marítimo de Riazor, Milenium, Paseo de San Pedro, O Portiño.
14:00	Chegada o Portiño do pelotón ciclista e do grupo peonil Sesión Vermú	
14:30	<b>Xuntanza anual dos arquitectos da Delegación de A Coruña</b> no Portiño, Romaría, música, travesías mariñas e tarde de lecer.	
Por motivos de organización temos abertas na delegación as LISTAS para apuntarse, antes do día 6, á XUNTANZA e ó TIPO DE PERCORRIDO que se desexa facer.		
Sortearemos unha bicicleta entre os compañeiros que se apunten no percorrido peonil ou na marcha ciclista.		